

FONSECA

Revista da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela

número_ **39** | Decembro de 2016



CUMPRIMOS VINTE ANOS

A asociación foi creada polo reitor Darío Villanueva,
o seu primeiro presidente foi Juan Casares e a actual é Benita Silva

SUMARIO

> páxs_

Editorial da presidenta sobre o XX Aniversario	3
Encontro de Intelixencia Emocional	4
Innovación y Mercados, por José Antonio Montero	5
XI Premio Relato Curto	6
Talento físico na USC	7
Juan Casares, socio de honra	8
Integrar a los exalumnos, por Ángel Álvarez Prechous	9
Actividades sociais, institucionais e culturais	10-11
O Campus da Cidadanía, por José Antonio Caride	12
Entrevista a Luis Iglesias Feijoo: “Lo fundamental sigue siendo la palabra”	13
Nomes propios	14-15
Recanto da Saudade	16-17-18
Cáritas Interparroquial de Santiago fala dos “invisibles”	19
Novidades editoriais USC	20-21
Memoria de Manuel Bao e de Luis Suárez-Llanos	22
Socios protectores	23
Expo colectiva no Casino compostelán	24

EDITA

Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC

Casa da Concha
Universidade de Santiago de Compostela
15782 Santiago de Compostela
TEL_ 981 580 624
MAIL_ antalumn@usc.es
www.antigosalumnos.usc.es
www.facebook.com/groups/antiguosalumnosusc/
<https://www.linkedin.com/pub/alumni-usc/ba/a57/b5a>

Redacción e documentación

Manuel Fraga Carou
Mar Fernández Vázquez
Inés Toca Carús

Deseño e maquetación

Ana Civdanes Álvarez


Fotografía

Javier Albor Novais
Diversas aportacións

A Asociación respecta os artigos
de opinión asinados e, por tanto,
non se fai responsable do seu contido

DEPÓSITO LEGAL: C 1826-1995





VEJEZ

Esther Gamallo é farmacéutica

Con la mirada perdida
y un rictus de melancolía,
sale cada mañana el anciano
con un bastón en la mano
como única compañía,
un trozo de pan al bolsillo
para sus palomas amigas.
El paso cansado y lento,
no hay prisa,
le sobra el tiempo,
su banco en el parque espera.
Allí sentado, impassible
mientras esparce las migas
contempla pasar un mundo
al que ya no pertenece.
Y va repasando su vida...,
¿cómo olvidar quien ha sido?....
Se ve querido de niño,
joven, atleta y apuesto,
hermano, padre, marido...,
empleado, aprendiz o jefe.
Desgrana luchas, logros, fracasos,
y se humedecen sus ojos
al recordar aquel día
en que con poca pensión
y muchos años
se convirtió en jubilado,
de profesión:
hobbies, apaños y nietos.
Pasó tan de prisa el tiempo
como se fueron alejando
salud, fuerza y reconocimientos,
despertándose un día
atado a un cuerpo
que ya no le respondía.
¿Dónde quedó su apostura?,
¿dónde está su fortaleza?..
...sigue pasando la gente,
las aves siguen comiendo,
por más que grita estoy dentro,
nadie parece verle;
ahora no es mayor,
tan solo es ahora un viejo.
De nada sirve que aún guarde
para guiar experiencia,
tiempo para compartir,
mucho amor para dar
y una gran resignación
para aceptar
que todo en su vida es pasado,
nada queda de futuro,
solo unas gotas de presente
que habrá de vivir lentamente.
De nuevo está donde empezó,
preso de una armadura
de la que no domina el manejo;
pero esta vez sin ternura,
sin cuidados esta vez,
todos los que le amaron
uno a uno se han marchado..
Duele la soledad en el alma,
siente en sus huesos el frío,
el pan se ha terminado
sus palomas han volado.
Toca desandar el camino
a paso más lento y cansado.
Pronto acabará su tiempo
y descansará con los suyos
sin el peso de su cuerpo.

algo de poesía

EDITORIAL

Este 2016 que está a piques de rematar foi ano de aniversarios. Celebramos datas significativas da vida de Cervantes, Shakespeare, Rubén Darío, Domingo Fontán... E a nosa Asociación tamén estivo de aniversario. Cumprimos 20 anos!

Os números redondos préstanse ás conmemoracións. Por iso intensificamos o noso programa de actividades culturais e de lecer, e unímonos aos homenaxes aos devanditos persoeiros. O vixésimo aniversario é unha boa ocasión para rememorar, para recoñecer o labor feito por tantas persoas, para agradecer os esforzos e a dedicación de cada unha delas a Alumni USC. Por iso este ano concedemos ao noso primeiro presidente, Juan José Casares Long, a distinción de socio de honra.

Pero sobre todo esta é unha boa oportunidade para mirar cara adiante, para pensar en todo o que podemos facer, en todo o que temos que facer. Cómpre darlle unha maior difusión á Asociación, pois aínda hai moitas persoas de Santiago e mesmo da USC que non a coñecen. Temos que medrar. Isto é moi importante, necesitamos incrementar a masa social para poder ser autosuficientes.

E desde logo, e tendo sempre presentes os nosos fins esenciais, temos que ser o que os asociados e asociadas queiran. Alumni USC está aberta a recibir ideas, suxestións, colaboracións... Queremos que sexa unha plataforma que recolla e espalle as iniciativas, desexos e, por que non, as ilusións de todos vós.

Camiñaremos xuntos cara ao futuro. Así que polos próximos vinte anos!

Benita Silva Hermo
Presidenta Alumni USC



Éxito de participación no encontro de Intelixencia Emocional

A Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela (Alumni USC), xunto co Instituto de Ciencias da Educación (ICE), en colaboración coa USC, celebrou en outubro **EN | MeNTE**, o primeiro encontro de intelixencia emocional durante todo un sábado na facultade de Ciencias da Comunicación, que congregou a 160 persoas, todo un éxito de participación. Patrocinado polo Consello Social da USC, o programa incluía oito especialistas de recoñecido prestixio, pertencentes a diferentes ámbitos, entre eles, a educación, recursos humanos, innovación e talento, adestramento ou coaching, psicoloxía e intelixencia emocional. Presentaron a xornada Benita Silva, presidenta de Alumni USC, Dolores Álvarez, a vicerreitora de Estudantes, Ana Porto, directora do ICE, e Benigno Carril, secretario executivo do Consello Social da USC.

Jon Berastegi, profesor-educador participante

“El reto del s. XXI es crear una sociedad de bienestar emocional”

¿Qué entiende por estrés?

El estrés es un estado emocional que se experimenta cuando nos encontramos ante retos y amenazas. Entendemos que estas amenazas ponen en peligro nuestro bienestar físico y psicológico y por tanto requieren de una acción para hacerles frente. Está sucediendo que cada vez son más las situaciones en las que sentimos que nuestros recursos no son suficientes para hacer frente a los retos de la vida cotidiana.

¿Cómo se combate o neutraliza?

Al estrés o a la ansiedad se le puede hacer frente mediante dos tipos de estrategias complementarias: las que se centran en el problema (los estresores) o las que se centran en la emoción. Nuestro trabajo en las aulas se centra en la educación de las emociones, enseñando al alumnado a identificar, comprender y regular sus emociones. Se define la regulación emocional como la capacidad para manejar, modular y expresar las emociones de forma apropiada. Para regular nuestras emociones ponemos en marcha un sistema de control, que supervisa el buen acoplamiento de nuestra experiencia emocional a nuestras metas y objetivos. Cabe recordar que no somos responsables de sentir emociones, sí lo somos de lo que hacemos con ellas.



Si cada uno tiene su solución, ¿Qué preguntas valen para todos?

Las técnicas de regulación emocional constituyen un conjunto de técnicas activas que sirven para: Influir sobre el displacer emocional

y expresar de forma constructiva las emociones en el momento y lugar adecuados.

Su aplicación se centra en los tres componentes de la emoción: Comportamental, Cognitivo y Neurofisiológico. Destacaría varias de las técnicas, por su relevancia para la regulación de la ansiedad y el estrés: técnicas de relajación y respiración diafragmática (métodos de Shultz o Jacobson); visualización y meditación (vipassiana, Chakra, entre otros tipos).

¿Qué opina del mundo/sociedad actual? ¿Vamos hacia el suicidio colectivo?

Las exigencias sociales son muy altas en este mundo hiperinformado e hiperconectado, de ritmo vertiginoso y cambios constantes. Por eso, cada vez más, la educación de las emociones está más presente en programas de formación en las áreas más relevantes en la sociocultura de las personas: el área educativa (para las familias, el profesorado y el alumnado), en el área socio-cultural y deportiva (técnicos y agentes sociales) y en la red empresa (trabajadores/as y empresarios/as). Estamos, sin duda, ante el reto del siglo XXI, crear una sociedad de bienestar... EMOCIONAL.

Innovación y mercados

Por **Jose Antonio Montero Vilar**

Director del bufete Rivas&Montero

Profesor asociado de Derecho Mercantil de las facultades de Derecho y Económicas USC

Desde la Segunda Guerra Mundial el transporte aéreo acercó el mundo acortando distancias, pero fue con la televisión y con el acontecimiento de la llegada del hombre a la Luna cuando fuimos conscientes de la limitación de la Tierra. Desde que a mediados de los 90 Internet se ha instalado en nuestras vidas y todos estamos en todas partes, o todo el mundo está en nuestra vida. En los mercados todo lo transportable es vendible o comprable en cualquier lugar del mundo, el mercado ha dejado de ser local para ser global. Y este mercado global es una oportunidad para toda empresa y al mismo tiempo es un reto. Oportunidad porque el mercado es universal pero reto porque también la competitividad es global, y es evidente que no se puede competir por precio con aquellos países que con menores costes de todo tipo producen lo mismo.

La competitividad en Galicia vendrá dada por el valor añadido que se pueda incorporar, y ese valor añadido no está en los menores costes, sino que está en el conocimiento y en la innovación. Es la calidad y no el precio lo que determina la competitividad. Y esta innovación viene dada por el conocimiento y la investigación de nuestro sistema de educación y universitario, de gran nivel y reconocimiento, ya que no sólo estamos en un país occidental europeo formado sino que además este país tiene un afán por superarse y nunca se encerró en sí mismo. Hay que aprovechar las oportunidades y conseguir la aplicabilidad a la industria de la investigación para vencer en esa competitividad. Para ello es preciso mejorar en los mecanismos de transferencia.

Sabemos que el empresario no es investigador, como también sabemos que el investigador no es empresario. Necesitamos que la investigación sea objeto de aplicación industrial y que la propia investigación obtenga el retorno de la inversión realizada. Como primer punto tenemos que identificar la necesidad, después la novedad, y finalmente su aplicabilidad. A



partir de aquí se necesita determinar la forma en que se transferirá al mercado y la se obtendrá el retorno de la investigación. Sólo la ventaja de la innovación en la industria nos hará competitivos en el mercado global. Para ello hay que establecer las estructuras jurídicas necesarias que hagan posible la transferencia de la tecnología y el control de la misma.

La invención se puede licenciar o se puede explotar a través del solvente empresariado gallego o por medio de sociedades mixtas. Tenemos que estar en el caso concreto, pero es indudable que en Galicia es necesario engranar la solvencia técnica de las facultades universitarias de ciencias, ingeniería e investigación con los servicios que deben generar las facultades de humanidades prácticas como son Derecho y Económicas en ese asesoramiento de cara a la implantación del invento en el mercado. Sin la unión de equipos especializados multidisciplinares que unan la ciencia con la aplicabilidad práctica no podremos introducir la innovación como valor añadido y Galicia a la larga perderá su competitividad en el mercado global.

XI PREMIO RELATO CURTO

María González Blanco

álzase co galardón polo seu texto *O segredo de Moira*

**“Aposta narrativa arriscada e ben resolta”,
indica o xurado que emitiu o seu fallo por unanimidade**

Éxito de participación coa presentación de corenta e dous orixinais validados segundo as bases do XI Premio Relato Curto, dotado con 500 euros –**patrocinio do Instituto Policlínico La Rosaleda**. Debido á calidade dos traballos, o xurado acordou sinalar tres accésits a modo de recoñecemento literario.

O relato gañador foi o *O segredo de Moira*, presentado baixo o pseudónimo “Scientia”, que ao abrir a plica resultou ser da autoría de **María González Blanco**, de Cambados.

Primeiro accésit: o relato *Un monólogo para Mrs. Musgrove*, presentado baixo o pseudónimo “Nefelibata”, que ao abrir a plica resultou ser da autoría de **Noelia Cendán Teijeiro**, de Cospeito (Lugo).

Segundo accésit: o relato *A ‘piccola’ violinista*, presentado baixo o pseudónimo “Renata Corosone”, que ao abrir a plica resultou ser da autoría de **Montserrat Pis Marcos**, de Santiago de Compostela.

Terceiro accésit: o relato *Local Hero*, presentado baixo o pseudónimo “Brabádego”, que ao abrir a plica resultou ser da autoría de **Héctor Cajaraville Araújo**.

O xurado, que emitiu o seu fallo por unanimidade, estivo constituído por **Mercedes Brea López**, catedrática de Filoloxía Románica, **Juan Blanco Valdés**, director do Servizo de Publicacións USC, e **Elisa Pérez Vilariño**, mestra no colexio público de Abelendo de Moaña; ademais de **Mar Fernández Vázquez**, profesora de IV Ciclo na USC que actuou en calidade de secretaria con voz, pero sen voto.

O xurado ponderou a calidade, creatividade e bo facer literario da maioría dos relatos presentados. E do texto gañador subliñou que se trata dunha aposta narrativa arriscada e ben resolta, que engancha e intriga o lector desde o comezo, que se basea nunha ficción imposible (a contemplación da propia vida por parte do home e da muller protagonistas) e na que, se recorre a un sutil emprego da anagnórese (recurso que consiste no recoñecemento ou descubrimento por parte dun personaxe sobre datos esenciais sobre a súa identidade), para achegar verosimilitude a diferentes afectos, entre os que resalta a dualidade amor/desamor.

O segredo de Moira

María González Blanco

Estaba sentada na cadeira azul coas pernas entrelazadas, as delgadas e finas mans no teclado do ordenador e a cabeza, de curto cabelo moreno, xirada uns noventa graos cara a enorme xanela verde onde a súa ollada se perdía na inmensidade da paisaxe de árbores que rodeaban o antigo edificio onde residía ese ano. Semellaba unha moza duns 20 anos, mais se alguén reparaba con máis detemento nos trazos da súa esbrancuxada faciana a súa idade quizais fose duns 6 ou 7 anos máis.

- ¡Ao mellor é unha desas persoas que teñen cara de cativa e logo resulta que son increíblemente maiores!-

Dixen de súpeto. ¿Canta xente coñeces con esa característica xenética? Seguramente que máis dunha persoa. Pensádeo.

Ademais, tiña unhas profundas, marcadas e negras olleiras que rodeaban as súas pálpebras e que denotaban que dende un tempo non debía de durmir moi ben ou que algo perturbaba o seu sono diario. Eu quedei alí mirándoa case como unha estatua petrificada posto que ela non se movía da súa pose de secretaria en *modo off* (¡Modo de inactividade total!).

- ¿Que podía estar maquinando?- Volvín interrogarme.

Así comeza o relato gañador, que se pode ler enteiro na web da asociación:

<http://www.antigosalumnos.usc.es/antigosalumnos/gl/index.html>



Físicas capta un 17 por cento dos recursos externos da USC

O catedrático emérito Carlos Pajares, mentor de innúmeros talentos investigadores, afirma que a estrutura completa arredor da facultade de Física capta o 17 por cento dos recursos externos da USC. Un exemplo é Carlos Salgado, profesor do departamento de Física de Partículas, que actualmente dirixe o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías, ademais de ser o director científico da Agrupación Estratéxica de Física da USC. Co profesor Néstor Armesto coordina un proxecto punteiro denominado HotLHC (ERC Starting Grant), que estuda as propiedades dun estado fundamental da materia: O estado universal de toda a materia a temperaturas uns centos de miles de veces superior ás do interior do Sol.

“Para recrear este estado en laboratorio –explica– fanse colisionar núcleos atómicos a altísimas enerxías no Large Hadron Collider do CERN de Xenebra”. É ciencia básica, pero necesaria, segundo indica o profesor Salgado.

O número total de citas recibidas polas súas publicacións teóricas posiciónano como un dos grupos líderes no mundo en diferentes liñas de

investigación, e forma parte de comités para o estudo e planificación de futuras instalacións experimentais (aceleradores de partículas). Durante os últimos oito anos o grupo contratou unha quincena de postdoutores doutras tantas nacionalidades, en procesos competitivos internacionais. Algúns deles xa lograron unha ocupación permanente en centros de USA, Francia, Italia, Polonia ou Portugal.

O profesor Salgado reivindica apoio ao talento

O profesor Salgado subliña que a USC posúe un nivel investigador superior ao que se podería esperar dun país co seu peso e estrutura demográfica. “Estamos, por tanto, por riba da media, cunha posición que se sustenta particularmente nunha serie de centros e grupos de primeiro nivel internacional. Para manernos e mesmo ascender debemos contar co apoio a centros de excelencia con avaliacións periódicas, formación e atracción de talento, e estabilización daquel persoal científico que signifique un salto de calidade na USC”, conclúe.



Víctor Vila, Carlos Salgado, Carlos Pajares e Néstor Armesto



JUAN CASARES, socio de honra de Alumni USC

A Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela (Alumni USC) celebrou en abril un acto conmemorativo polo seu XX aniversario, no que se fixo socio de honra ao ex reitor **Juan Casares**, que fôra o primeiro presidente da entidade. Neste punto, a presidenta, **Benita Silva**, anunciou o nomeamento de **Juan J. Casares Long** como novo socio de honra. “Casares Long puxo en marcha a asociación e dedicou moito traballo e esforzo durante oito anos, sempre cun entusiasmo e cariño que mesmo llo contaxiou á súa familia” –indicou a presidenta–.

O evento, que tivo lugar no Paraninfo da facultade de Xeografía e Historia, contou coa presenza do reitor da USC, **Juan Viaño**; o secretario de Política Lingüística, **Valentín García**; o reitor fundador da asociación, **Darío Villanueva**; o concelleiro de Educación, **Manuel Dios**, e a concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, **Marta Lois**; ademais de **Carlos Gómez** en representación dos socios da entidade.



Silva tamén destacou na súa intervención que Alumni xa leva en activo o tempo suficiente para poder botar a vista atrás e recapacitar sobre a traxectoria percorrida e, sobre todo, para “reflexionar sobre o presente e futuro da entidade”. Agradeceu e recoñeceu o labor dos seus fundadores **Darío Villanueva** e o presidente do Consello Social en 1986, **Emilio Pérez Nieto**, e por suposto, do seu primeiro presidente Juan J. Casares Long, persoas que fixeron posible que a asociación fose unha realidade. “Asumiron con entusiasmo e dedicación a tarefa de conducir a nosa querida asociación polo mellor camiño” –subliñou.



Integrar a los exalumnos

Por **Ángel Álvarez Prechous**
Ex presidente de Alumni USC

Los miembros de la AAA queremos que la sociedad conozca y participe de las actividades de la más veterana de las universidades gallegas. La historia de la USC sorprende por sus logros científicos y académicos. Efectivamente, teniendo en cuenta que la USC es una pequeña universidad en el rincón más apartado de la Península, de un país como España, que no ha mimado a sus universidades, ha sido capaz de producir una docencia y una investigación históricamente digna. La situación de la USC en los últimos decenios es todavía más brillante, ocupando un puesto relevante entre las universidades españolas y puestos muy dignos en las clasificaciones mundiales de las instituciones universitarias.

Como proyección futura la AAA debe seguir contribuyendo a incrementar la relación entre la sociedad gallega y la USC. Esta mayor interacción

es positiva para ambas. La USC necesita todo el apoyo social que le podamos aportar. La sociedad gallega se beneficiará a su vez, ya que la USC al producir ciencia y tecnología es nuestra más firme apuesta para el desarrollo económico de Galicia. Para conseguir este propósito la AAA debe seguir esforzándose en integrar a los exalumnos en nuestra Asociación. Además debe procurarse un patrocinio del pequeño comercio e industria de nuestros dos campus, Santiago y Lugo, que son los más directamente beneficiados de la presencia de la institución universitaria. También debe esforzarse para canalizar el mecenazgo de las empresas de mayor tamaño hacia la USC.

El camino es arduo, pero debemos recordar la divisa "per aspera ad astra".





"2016: Ano de centenarios. Rubén Darío" foi o título da conferencia que impartiu recentemente no seo da Asociación o director da Real Academia Española, Darío Villanueva.



O presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, descubriu con agarimo e entusiasmo as últimas reformas acometidas na casa-museo da poeta de Galicia, así como os proxectos en curso, a un inquieto grupo de socios; que, logo da visita guiada, recitaron versos de Rosalía como auténtica homenaxe á súa obra literaria.



Alumni USC entregou unha placa ao museo Casa da Troia, como recoñecemento dun espazo universitario dedicado á memoria estudiantil de Galicia e aproveitando o centenario da primeira edición (1915) da popular novela homónima de Alejandro Pérez Lugín. Acto que se celebrou cunha emotiva e tradicional serenata.



Unha completa visita cultural á cidade de Lugo deixou un excelente sabor de boca, tanto que os socios reivindicán repetir e ampliar monumentos. Témolos pendente!



Roxelio Pérez Moreira, profesor de Edafoloxía e Química Agrícola da USC, tamén pasou por Mazarelos onde impartiu unha atractiva conferencia sobre a paisaxe habitada.



O Courel foi o destino dunha visita guiada, con xantar incluído en Seoane, que resultou ser gozosa malia o frío que facía.



A presidenta de Alumni USC, Benita Silva, asistiu á xuntanza do Padroado do Museo Casa da Troia, que presidiu o reitor, Juan Viaño, que contou coa presenza do alcalde de Santiago, Martiño Noriega, o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, e os troianos Fausto Santamarina, Mariano Sierra e Benigno Amor, presidente de Antigos Tunos Composteláns.



A provincia de Lugo foi das máis visitadas este ano. Unha concorrida excursión a Monforte de Lemos e o paso pola localidade do Escorial galego dos peregrinos que fixeron o Camiño de Inverno desde Ponferrada dan testemuño. Alí collemos amistosa relación con Aida Menéndez, presidenta de Amigos do Camiño e autora dunha documentada guía desta última ruta oficial. Aida fíxose socia ao día seguinte de coñecérmonos.



Charla-coloquio sobre o autor do primeiro mapa científico de Galicia (1845) Domingo Fontán, impartida por Marcos Calveiro, Francisco Durán e Agustín Pena.

O Campus da Cidadanía da USC

das palabras ás realidades



Prof. Dr. José Antonio Caride

Catedrático de Pedagogía Social

Comisionado da USC para o *Campus da Cidadanía*



Na expresión “*Campus da Cidadanía*” a Universidade de Santiago de Compostela, por iniciativa do Consello de Dirección e o aval do seu Consello de Goberno, reflíctese a decidida vontade de dotar á comunidade universitaria galega dunha nova articulación institucional, científica e académica dos seus saberes, con especial énfase no quefacer que promoven as *Ciencias Sociais e Xurídicas*, as *Artes e as Humanidades*.

Un *Campus* que, ao encarnar a súa identidade na “*cidadanía*”, acepta o desafío que implica comprometer as súas prácticas docentes e investigadoras cos valores cívicos que alentan as democracias e os dereitos humanos, a vida e todas as súas diversidades, no continuo diálogo coas realidades que as contornan, no local e o global. Un *Campus* inclusivo, no que están convocadas a sentirse partícipes todas as áreas de coñecemento, como un espazo-tempo aberto ao mundo, na razón e nas emocións, congruente cos modos mais estimables de de ser e facer Universidade.

Un *Campus* que ao reivindicarse na súa vocación e motivación multi, inter e transdisciplinar, pretende dar resposta ás necesidades e demandas que emerxen da propia Universidade e/ou da sociedade, comezando por aquelas que veñen esixidas por unha nova vertebración epistemolóxica, metodolóxica e tecnolóxica na que demos en chamar sociedade da información, da comunicación e do coñecemento: excelencia, calidade, competitividade, cooperación, innovación, desenvolvemento, equidade, creatividade, aprendizaxe permanente, paz, sustentabilidade

ambiental, traballo en rede, internacionalización, democracia, cambio, transformación social... Palabras que mais aló de precisar –sen retóricas– os seus variados percorridos semánticos e cognitivos, requiren de lecturas éticas, sociopolíticas, económicas e culturais. Acaso unha nova *conciencia* que transcenda, sen obviar o valor das súas achegas, á ciencia e á experiencia para deparar vivencias e convivencias de amplas avenidas para o pensamento, a reflexión e a acción.

Un *Campus* que debe poñer a énfase na súa caracterización como un proxecto-traxecto da amplas miras tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe que habilitan os graos, másteres e doutoramentos que promoven os seus centros e departamentos, en Santiago de Compostela e Lugo, coma os grupos, redes e institutos de investigación que tecen as súas liñas de traballo arredor da educación, a xustiza, a comunicación, as linguas, a economía, a filosofía, a política, a cultura, o territorio... Un *Campus* cunha denominación que –en sentido estrito– non ten referentes nacionais e internacionais homologables, que ao salientar os valores da *cidadanía* agranda e vitaliza os seus significados políticos e sociais, o pensamento diverxente e a creatividade, a sensibilidade artística e patrimonial, a aprendizaxe crítica e cooperativa, o diálogo inclusivo e a cohesión social.

Eloxiando a *utopía*, cando se cumpren os cincocentos anos da primeira edición da obra de Tomás Moro, o 13 de decembro de 2016, o *Campus da Cidadanía* foi presentado en sociedade na Facultade de Filosofía da USC. Unha data na que os seus horizontes, inseridos nas realidades cotiás da nosa Universidade, anticipa o que serán a súa misión e visión de futuro, redactadas no *Plan Estratéxico* deste campus, coas fases de consulta, deliberación, deseño e toma de decisións que acompañen as súas actuacións nos vindeiros anos e décadas. Oxalá.

Luis Iglesias Feijoo (A Coruña, 1945) es catedrático emérito de Literatura Española en la facultad de Filología de la USC. Vive en Santiago desde que vino a estudiar y dice que no conoce a ningún personaje público que pudiera tildar de *Quijote*.



“Llenar las aulas de ordenadores me seduce poco: aprender a escribir es básico”

¿Cree que las Humanidades servirían a sus nietos para ganarse la vida?

Pues mis siete nietos viven o vivirán en países anglosajones. Si siguen el ejemplo de mis tres hijas, estudiarán carreras “de ciencias”. No creo que las Humanidades desaparezcan, pero yo no los impulsaría a que hicieran eso. Ni ninguna otra cosa: no hay que impulsarlos. Que haga cada uno lo que quiera.

Dejando al margen Internet y las nuevas tecnologías, ¿qué diferencia hay en la forma de dar sus clases hace cuarenta años y la de sus últimos cursos docentes?

Pues las posibilidades que introduce la electrónica son enormes. Se pueden y deben usar instrumentos como las imágenes. Pero en lo mío, lo fundamental sigue siendo la palabra, el texto literario.

Llevamos años con reformas educativas en todos los niveles, y ahora que tanto se habla de revoluciones metodológicas, ¿cuál es su opinión o reflexión concluyente?

Concluyente ninguna. No soy experto en cuestiones pedagógicas. Creo que lo fundamental sería tener una educación básica y media atractiva, poco rutinaria. Por lo demás, esa idea de llenar las aulas de ordenadores me seduce poco: aprender a escribir es básico. Ordenar las ideas por escrito: quien sabe pensar, sabe decir. Y viceversa.

¿Qué lecturas en castellano recomendaría a un amigo extranjero que no hubiese leído nada de literatura española ni hispanoamericana? ¿Y en gallego?

Cualquier cosa de novela actual. Si empezamos por clásicos, mal nos va: no entendería y lo dejaría. Pero cuando hablo de cualquier novela no me estoy refiriendo a esos tomazos de pasta dura que se desarrollan en la Edad Media o en la Antigüedad. Hablo de novelas de verdad: Vargas Llosa, García Márquez, Cela, Muñoz Molina, Mendoza, empezando por sus títulos menos complejos. En gallego, Casares o Alfredo Conde.

¿Qué piensa de la ingente producción editorial y de la desaparición en picado de las librerías?

Se publican muchos libros inútiles, destinados a ser pasta

“Se publican muchos libros inútiles”

de papel. Mejor es muchos que ninguno. Las librerías corren peligro, porque la compra por internet es dura competencia. Hay dos caminos: la especialización, o el tamaño enorme, que permita tenerlo casi todo.

¿Qué adora y qué aborrece de Santiago?

Ni adoro ni aborrezco nada. Después de vivir aquí más de medio siglo, aprecio el salto que se ha dado de pueblo medieval casi levítico a ciudad que es capital de la autonomía.

¿En qué invierte su tiempo ahora en la reserva?

Pues no estoy en la reserva: me han nombrado emérito, sigo dando clase en el Master y me dedico a la investigación más que antes, intervengo en congresos, voy a bibliotecas, escribo... No sé estar inactivo.

¿Ha escrito algo de creación literaria? ¿Tiene algo por casa? ¿O nunca le tentó intentarlo?

No soy creador: carezco de la imprescindible imaginación creadora. Me hubiera gustado, pero no más que saber interpretar música, que tampoco.

¿Qué músicas, orquestas, bandas o cantautores le gusta escuchar?

Me gusta la música. Toda. La clásica, de la Edad Media (pocas cosas) a hoy (pocas cosas). Lo esencial: Vivaldi, Bach, Mozart, Beethoven, Mahler... La ópera. Y me gusta mucho la música moderna, de la canción francesa a la italiana, y me gustaron mucho los Beatles y hoy Bruce Springsteen, a quien he oído en directo tanto en España como en California. Y Serrat, y Aute, y Llach, y Raimon, y la Piaf, y Amalia, y Celentano, y Paoli... Y así mucho.

NOMES PROPIOS



Francisco Díaz-Fierros, premio Lois Peña Novo 2016

O investigador e membro da Real Academia Galega Francisco Díaz-Fierros recibiu o premio Lois Peña Novo 2016, distincións que outorga a fundación do mesmo nome. Díaz-Fierros, un dos socios máis antigos de Alumni USC, tamén impartiu unha interesante charla en Mazarelos sobre a paisaxe.



Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega, Premio da Crítica Galicia 2016, modalidade “Investigación”

Na XXXIX “Premios da Crítica Galicia 2016” mereceu o galardón da modalidade “Investigación” a monografía *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* (Xerais, 2015), coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou e da autoría da propia Roig Rechou e de Eulalia Agrelo Costas, Pilar Bendoiro Mariño, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez e Isabel Soto López.



Isabel González e Mercedes Brea

As catedráticas de Filoloxía Italiana, Isabel González, e de Filoloxía Románica, Mercedes Brea, recibiron senllas homenaxes onde colegas, antigos alumnos e amizades expresáronlles a súa admiración e afecto polas súas brillantes traxectorias académicas. Ademais son amigas de sempre!



Juan Viaño e Benita Silva

O reitor da USC, Juan Viaño, e a presidenta de Alumni USC, Benita Silva, asinaron un convenio polo que a asociación colabora co Proxecto de *Mentoring*, un novo proxecto da institución académica para titorizar estudantes por parte de profesionais e empresarios, que na súa primeira edición foi todo un éxito.




Antonio Guillén, doutor en Bioloxía pola Universidade de Salamanca

O biólogo Antonio Guillén impartiu na asemblea de outono, celebrada na residencia universitaria do Monte da Condesa, unha reveladora conferencia sobre o lago de Sanabria, “un ecosistema en desequilibrio”. Antonio Guillén Oterino (Zamora, 1961) é colaborador do CSIC no proxecto “Flora Iberica” e coordinador de investigación da Estación Biolóxica Internacional Duero-Duero (EBI) desde 2012, traballo que desenvolve de forma altruista, entre outros méritos, ademais de exercer como catedrático do instituto Escultor Daniel de Logroño.



Antonio Rigueiro e María Moure

